



## Concello de Bueu

<b>Expediente</b>	2798/2022
<b>Procedemento</b>	Contratacións
<b>Asunto</b>	CONCURSO DE IDEAS - Para a mellora das condicións de urbanización do barrio de Banda do Río
<b>Unidade xestora</b>	200 Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
<b>Documento</b>	Acta
<b>Trámite</b>	Constitución do xurado, admisión de propostas e apertura sobre 3

### ACTA

No Salón de Plenos do Concello de Bueu, o 09.09.2024 ás 10:20 horas, celébrase a sesión constitutiva do xurado do concurso de ideas para a mellora das condicións de urbanización do barrio de Banda do Río, logo do seu nomeamento na resolución de alcaldía núm. 2024-1422 de 02.09.2024 (CSV: AD2QW6S34DNDCXSLXJPH4SMRP).

Asisten ao acto o Presidente do xurado, o Alcalde da corporación, Félix Juncal Novas, e a Secretaria do concello designada secretaria do xurado do concurso de ideas, Paula Piñeiro Camiña.

Como vogais asisten 6 membros:

Miguel Estévez Gómez, representante Arquitecto designado polo Colexio de Arquitectos de Galicia.

Rafael Oliveira Souto e Javier Rial Lemos, Arquitectos designados pola AAVV de veciños do barrio.

Andrés Cervantes Refojos, Enxeñeiro designado por Portos de Galicia.

María Teresa Fernández Iglesias, Arquitecta designada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia.

María Carmen López Otero, Enxeñeira de Camiños, designada pola Axencia Galega de Infraestruturas ( AXI) da Xunta de Galicia.

Escusaron a súa ausencia 2 vogais:

Laura Palacio Marín, Arquitecta municipal do Concello de Bueu.

Manuel Borobio Sánchez, Arquitecto designado a proposta dos concursantes.

Asiste ao acto o Concelleiro delegado de Urbanismo, Mobilidade Segura e Sostible e Patrimonio Municipal, Martín Villanueva Pastoriza.

Tendo en conta que ao acto asisten a presidencia, a secretaria e 6 vogais, declárase válida a constitución do xurado.

O Presidente comeza a sesión agradecendo a asistencia aos membros designados presentes e anuncia a delegación da Presidencia do xurado nas vindeiras sesións que se celebren, no Concelleiro delegado de Urbanismo, Mobilidade Segura e Sostible e Patrimonio Municipal, Martín Villanueva Pastoriza.

De seguido, caracteriza a realidade histórica e actual do barrio de Banda do Río.

O Concelleiro delegado de Urbanismo, Mobilidade Segura e Sostible e Patrimonio Municipal sintetiza o marco histórico e a singularidade do enclave.

## Concello de Bueu





## Concello de Bueu

A continuación, pola Presidencia advírtese aos membros do xurado da obriga de declarar non ter constancia da existencia de incompatibilidades con ningún dos participantes no concurso nin coñecer a identidade dos autores de ningunha das propostas presentadas ao concurso. En caso contrario, o membro do Xurado afectado deberá deixar o Xurado, podendo delegar en caso de ter esa posibilidade, e en caso contrario nomearase a outro membro a proposta da entidade que corresponda.

Asemade, pola Presidencia advírtese da obriga dos membros do xurado de absterse de participar no procedemento de contratación de referencia nos supostos nos que conorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou teñan directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia, de conformidade co artigo 64 da Lei 9/2017 do 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público; non atopándose os presentes na sesión incursos en ningunha destas circunstancias.

Os membros do xurado que asisten á presente sesión formulan declaración expresa de non ter constancia da existencia de incompatibilidades con ningún dos participantes no concurso nin coñecer a identidade dos autores de ningunha das propostas presentadas ao concurso así como da non concorrencia de incompatibilidades nen motivos de abstención previstos no apartado 2º do art. 23 da LRXSP e da non concorrencia dos supostos previstos no art. 64 da LCSP.

A continuación, a secretaria da lectura á relación anónima de preguntas e respostas formuladas no prazo de presentación de ofertas (CSV: AMNEGSHHM4P63YGFS9ZKXHL4L) publicadas na Plataforma de Contratación do Sector Público ([https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04\\_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfijU1JTC3ly87KtUjLEnNyUuNzMpMzSxKTgOr0w\\_Wj9KMyU1zLcvQjzI8Cg3yXDJMAwqzQw2Msvzcszwzdymlt9Qtycx0BEUgotg!!/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b0/04_Sj9CPykssy0xPLMnMz0vMAfijU1JTC3ly87KtUjLEnNyUuNzMpMzSxKTgOr0w_Wj9KMyU1zLcvQjzI8Cg3yXDJMAwqzQw2Msvzcszwzdymlt9Qtycx0BEUgotg!!/)).

Asemade, dáse conta das actuacións levadas a cabo dende o remate de presentación de propostas e que foron obxecto de publicación: Acta de recepción de traballos recibidos e os seus lemas (CSV: 322NDLTA2YCC55PRY9KTF2965), acta de apertura sobre 2 (CSV: 4N7RKJNEZT2LFLZ72ZZZFHDWA) e acta de celebración de sorteo público para elección de arquitecto/a ou enxeñeiro/a de camiños a proposta dos concursantes (CSV: 4N7RKJNEZT2LFLZ72ZZZFHDWA).

Neste intre, a secretaria advirte da constancia de 2 sobres número 2 que non se abriron no momento da realización da acta de apertura do sobre 2, correspondentes aos seguintes lemas: LA CONQUISTA DEL ESPACIO e A NOSA BANDA

Aclárase que segundo a base 07, o sobre 2 incluírá debidamente cuberto o anexo 1 coa proposta de designación de arquitecto ou enxeñeiro de camiños para formar parte do xurado.

O xurado decide continuar coa análise das propostas presentadas, tendo en conta a transparencia e publicidade dos actos previos así como da realización dun sorteo público para a elección do arquitecto proposto polos concursantes.

A continuación o xurado comproba as actuacións levadas a cabo e analiza a documentación presentada polos concursantes seguindo a orde de presentación valorando a súa admisión ou non, co seguinte resultado:

## Concello de Bueu





## Concello de Bueu

Nº	LEMA	ADMISIÓN
1	LA CONQUISTA DEL ESPACIO	SI
2	RECONECTAR REXERAR E REVITALIZAR A BANDA DO RÍO	SI
3	A NOSA BANDA	SI
4	ENTRE DOS AGUAS	SI
5	BANDA BATENTE	SI
6	REGRESO AL FUTURO	SI
7	PRAIA, BARRIO, BRAÑA	SI
8	571-/9A	SI
9	SUTURA	SI
10	A BANDA DE AUGAS	SI
11	INTERMAREAL	SI
12	BANDAS DA RIBEIRA	SI
13	BACK TO NATURE	SI
14	LITORALIA	SI
15	CONVERGENCIA DE PAISAJES	SI
16	REDES	SI
17	XARDÍN Ó MAR	SI

O xurado, por unanimidade dos membros asistentes acorda a admisión de todos os lemas recibidos.

A continuación, compróbase a presentación do SOBRE 1 e SOBRE 3 segundo o establecido na Base 7:

**“SOBRE 1: en su exterior se consignará:**

**“SOBRE 1- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. “CONCURSO DE IDEAS PARA REVITALIZAR Y MEJORAR LAS CONDICIONES DE VIDA DEL BARRIO DE BANDA DO RÍO, PARA CONTRATAR EL PLAN DIRECTOR DE DICHO BARRIO EN EL AYUNTAMIENTO DE BUEU” (PROVINCIA DE PONTEVEDRA)” Y EL LEMA.**

**Asimismo, se indicará en su exterior, de forma clara, si en el caso de no resultar premiado, el concursante prefiere permanecer en el anonimato, tanto en la exposición pública de los trabajos como en su posible publicación en papel o la Web o si autoriza a desvelar su identidad en caso de no resultar premiado.**

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





## Concello de Bueu

(...)

**SOBRE 3: en su exterior se consignará:**

**“SOBRE 3- PANELES”.** CONCURSO DE IDEAS PARA REVITALIZAR Y MEJORAR LAS CONDICIONES DE VIDA DEL BARRIO DE BANDA DO RÍO, PARA CONTRATAR EL PLAN DIRECTOR DE DICHO BARRIO EN EL AYUNTAMIENTO DE BUEU”, (PROVINCIA DE PONTEVEDRA) , Y EL LEMA.

**Se incluirá en su interior:**

Máximo TRES paneles tamaño DIN-A1 (594 x 841 mm), en composición libre, maquetados en vertical y montados en tablero ligero de cartón pluma, en los que figurará el lema elegido por el concursante. Los planos se representarán a escala definida y de uso común. Se admitirá cualquier expresión gráfica que permita explicar la propuesta, incluyendo:

1. Descripción de las propuestas. Planta, alzados, secciones e infografías expresivas de las propuestas para poder valorar de mejor manera estas.
2. Programa, con enumeración de usos y superficies atribuibles,
3. Estándares constructivos y justificación del cumplimiento de los informes técnicos y en su caso explicación de las sugerencias vecinales que hayan sido incluidas en la propuesta. Anexos 08 a 10 del pliego técnico.
4. Programación por posibles fases, asignación y viabilidad presupuestaria de las propuestas,
5. Memoria de sostenibilidad y de mantenimiento de las intervenciones

**También se incluirá en su interior:** un PENDRIVE que contendrá:

-Reproducción de los paneles para reproducir en DIN-A3 en un único archivo PDF, realizado a partir de archivos JPG, con una resolución de 300 dpi. El archivo se nombrará con el lema elegido y se procurará que tenga un tamaño razonable (no mayor de 5MB). Posibilidad de presentar un video-presentación de la propuesta.

-Dossier escrito, con una extensión máxima de VEINTE páginas en tamaño A4 por una cara, y formato PDF, que contendrá una descripción y resumen de las soluciones aportadas, indicando claramente lo siguiente, con especial atención a lo indicado en la base 13 “criterios de valoración”.

A documentación achegada en cada un dos lemas presentados é a seguinte:

Nº	LEMA	SOBRE 1- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.		SOBRE 3- PANELES			
		SOBRE 1	Indica no seu exterior: permanecer no anonimato/autoriza desvelar identidade	3 Paneles DIN-A1	Pendrive		OUTROS
					Paneles	Dossier	
1	LA CONQUISTA DEL ESPACIO	SI	Non indica	SI	SI	SI (13 páx.)	Presenta dossier impreso

## Concello de Bueu





## Concello de Bueu

Nº	LEMA	SOBRE 1- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.		SOBRE 3- PANELES			
		SI		SI	SI	SI (20 páx.)	
2	RECONECTAR REXERAR E REVITALIZAR A BANDA DO RÍO	SI	Indica permanecer no anonimato	SI	SI	SI (20 páx.)	-
3	A NOSA BANDA	SI	Non indica	SI	SI	SI (20 páx.)	Presenta vídeo
4	ENTRE DOS AGUAS	SI	Autoriza desvelar identidade	SI	SI	SI (20 páx.)	-
5	BANDA BATENTE	SI	Indica permanecer no anonimato	SI	SI	SI (20 páx.)	Presenta vídeo
6	REGRESO AL FUTURO	SI	Non indica	SI	SI	SI (19 páx.)	-
7	PRAIA, BARRIO, BRAÑA	SI	Autoriza desvelar identidade	SI	SI	SI (15 páx.)	-
8	571-/9A	SI	Non indica	SI	SI	SI (20 páx.)	Presenta dossier impreso cun código QR e presenta vídeo
9	SUTURA	SI	Autoriza desvelar identidade	SI	SI	SI (19 páx.)	-
10	A BANDA DE AUGAS	SI	Non indica	SI	SI	SI (22 páx.)	Presenta vídeo
11	INTERMAREAL	SI	Non indica	SI	SI	SI (15 páx.)	-
12	BANDAS DA RIBEIRA	SI	Non indica	SI	SI	SI (20 páx.)	-
13	BACK TO NATURE	SI	Non indica	SI	SI	SI (4 páx.)	-

## Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





## Concello de Bueu

Nº	LEMA	SOBRE 1- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.		SOBRE 3- PANELES			
14	LITORALIA	SI	Autoriza desvelar identidade	SI	SI	SI (19 páx.)	Presenta vídeo. Engade paneis en formato comprimido
15	CONVERGENCIA DE PAISAJES	SI	Non indica	SI	SI	SI (20 páx.)	Presenta vídeo.
16	REDES	SI	Autoriza desvelar identidade	SI	SI	SI (21 páx.)	-
17	XARDIN Ó MAR	SI	Non indica	SI	SI	SI (20 páx.)	

Durante a apertura do arquivo "BANDAS DA RIBEIRA\_PANELES" contido no pendrive do lema nº12 "BANDAS DA RIBEIRA", aparece a seguinte mensaxe "Ha habido un error al leer la secuencia". Visualízase a primeira páxina completa, non se visualiza 1/3 parte da segunda páxina e non se visualiza a terceira páxina completa.

Faise un receso da sesión ás 12:10, mentres os servizos técnicos municipais comprobamos o contido no citado arquivo insertando o pendrive noutro equipo obtendo o mesmo resultado.

Retómase a sesión ás 12:20.

O xurado visualiza o material presentado no sobre 3. Por unanimidade dos membros asistentes admítase a documentación presentada que será analizada na vindeira sesión que celebre o xurado, unha vez os servizos técnicos municipais procedan ao arquivo no expediente electrónico do contido no PENDRIVE (paneles, dossier e vídeos no seu caso).

O xurado decide por unanimidade dos membros asistentes volver a reunirse o vindeiro 4 de outubro.

Unha vez realizadas as actuacións descritas na presente acta, conclúese a celebración da sesión ás 13:27 horas.

E para que así conste, asíñase a presente acta pola Secretaria e o Presidente do xurado.

*(Documento asinado electronicamente á marxe)*

